

REGULAMENTO II MILLA SOLIDARIA HEROÍNAS DE SÁLVORA 2020 VIRTUAL

ARTICULO 1.

O Concello de Ribeira impulsa a II edición da Milla Solidaria Heroínas de Sálvora, para recordar a historia destas mulleres de Aguiño que o día 2 de xaneiro do 1921 non dubidaron de saír o mar na procura de superviventes no trágico afundimento do vapor Santa Isabel na costa da Illa de Sálvora, e para recadar fondos destinados a Fundación Fai ben, a que se destinará a recadación íntegra do evento.

ARTICULO 2 . INSCRIPCIÓN

A inscrición farase exclusivamente de maneira ONLINE a través da plataforma de GALITIMING ata o día 01 de xaneiro as 23:59H

O importe da inscrición é de 5€ por participante. Dita recadación será destinada a Fundación FAI BEN, fundación de apoio á infancia e benestar.

Os participantes poderán descargar o seu dorsal directamente da plataforma unha vez inscritos.

ARTICULO 3. DATAS

A Milla Solidaria Heroínas de Sálvora celebrarase de maneira virtual entre os días 02 e 03 de xaneiro do 2021.

ARTICULO 4. DISTANCIA E PERCORRIDO

A distancia para percorrer será de unha milla nun percorrido libre a elixir por cada participante, que se poderá realizar correndo ou andando.

Dadas as restriccións de mobilidade ocasionadas pola pandemia do Covid en determinadas áreas ou as que poidan xurdir, dende a organización non se propoñen percorridos, debendo ser o participante o que elixa o seu percorrido , e sendo o único responsable de cumprir coa normativa e protocolos Covid no lugar donde realice o percorrido. Asimesmo, deberá ter en conta o respecto e cumprimento das normativas sobre a seguridade viaria.

ARTICULO 5. PARTICIPACIÓN

Poderá participar no evento calquera persoa rexistrándose correctamente en tempo e forma, sen límite de idade. Os menores de 18 anos para poder participar deberán ser acompañados por un adulto que se fará responsable do menor en todo momento.

A participación neste evento levarase a cabo baixo a responsabilidade e propio risco dos participantes, afirmando poseer un nivel de condicións físicas suficientes para afrontar a proba e comprometese a aceptar estritamente este regulamento.

A organización declina toda a responsabilidade dos danos que os participantes poidan ocasionar durante a proba, tanto a eles mesmos como a terceiros.

ARTICULO 6. CLASIFICACIONES

Non haberá clasificacións dado o carácter NON COMPETITIVO da proba.

Os primeiros 213 inscritos recibirán unha Medalla Conmemorativa polo Centenario do naufragio do Vapor Santa Isabel 1921-2021, que se podrán recoller nas oficinas de Deportes

situadas no Complexo Deportivo A Fieiteira de Ribeira a partir do día 7 de xaneiro presentando o comprobante da inscrición.

A organización reservase o dereito de solicitar o Documento Nacional de Identidade si o considera oportuno.

Entre todos o participantes na proba, realizase o sorteo dunha cea para dúas persoas nun restaurante do Concello.

ARTICULO 7. DEVOLUCIONS

Non se admiten baixas nin cambios de titularidade nas inscricións dado o carácter solidario da mesma. Non se devolverá o importe da inscrición baixo ningunha circunstancia.

ARTICULO 8. ACEPTACION

A inscrición e persoal e intransferible, todos os participantes polo feito de inscribirse, aceptan o presente regulamento.

Os participantes poderán compartir imaxes relacionadas coa súa participación na milla mediante redes sociais, que poderán ser compartidas pola organización coa finalidade de promocionar e dar a coñecer esta iniciativa.